[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo,** o día **1 de abril de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Patricia García González
(Presidenta)
Paula Mouzo Mas
(Vicepresidenta)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Deza Martínez
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
María Magdalena Pérez Millares
Raúl Santamaría González
Manuel Santos Costa
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Paloma Castro Rey
(en substitución de Carlos López Font)

Preguntante:
Óscar Insua Lema (BNG)

Comparecentes:
Directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño-Intecmar
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes sustitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Comparecencia

1.1 18534 (12/CPC-000019)
Da directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, por petición propia, para dar conta da evolución e do funcionamento do Intecmar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 148f1, do 30.01.2025

A Presidencia, logo de darlle a benvida á directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, explica o desenvolvemento da sesión, que consistirá nunha primeira intervención da comparecente por un tempo aproximado de 20; seguirá unha quenda dos grupos parlamentarios por un tempo de 10 minutos cada un e, para contestarlles, a comparecente contará cun tempo indicativo de 10 minutos. Finalmente, os grupos parlamentarios disporán de 5 minutos cada un, e pechará a comparecencia a directora de Intecmar.

Xa que logo, concédelle ao palabra á **directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño-Intecmar (Consellería do Mar), María Covadonga Salgado Blanco,** que pasa a dar conta da evolución e do funcionamento do Intecmar.

Deseguido ábrese unha rolda de grupos parlamentarios, na que fan uso da palabra: o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S), a señora Pérez Fernández, Rosana (BNG)** *-esta, previamente deixa constancia en acta do desacordo e malestar do seu grupo parlamentario pola limitación de iniciativas de control dos GG.PP., singularmente da oposición, nas ordes dos días que inclúen comparecencias da Xunta-* **e o señor Fidalgo Alonso, Miguel (P),** que formulan diferentes preguntas e consideracións sobre a información recibida.

Ao remate das anteriores intervencións a Presidencia concédelle de novo a palabra á **directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño-Intecmar (Consellería do Mar), María Covadonga Salgado Blanco,** quen contesta ás consideracións formuladas polos anteriores voceira e voceiros.

A continuación ábrese unha segunda rolda para precisións por parte dos diferentes grupos parlamentarios, na que interveñen o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S), a señora Pérez Fernández, Rosana (BNG))** e o **señor Fidalgo Alonso, Miguel (P).**

Finalmente a **directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño-Intecmar (Consellería do Mar), María Covadonga Salgado Blanco**, contesta ás

PARLAMENTO DE GALICIA

cuestións expostas pola/os portavoces e pecha o debate invitando á Comisión a realizar unha visita a Intecmar cando consideren oportuno.

A Presidencia agradece a invitación da señora directora e non a despide dado que ten que dar resposta a unha pregunta incluída no punto segundo da orde do día.

Punto 2. Preguntas:

2.1 6449 (12/POC-003605)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana
Sobre a política prevista polo Goberno galego para dotar de semente de moluscos as rías con problemas de produción e as súas intencións respecto da recuperación e xestión do minicriadeiro de Camariñas

O **señor Insua Lema, Oscar (BNG),** refire as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña.**

En rolda de réplica o **señor Insua Lema, Oscar (BNG)**, amósase en desacordo coa resposta recibida e critica as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia.

Pecha o debate desta iniciativa a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde Acuña,** quen se reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención, logo de rebater moitas das afirmacións realizadas polo preguntante.

2.2 20046 (12/POC-003340)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a as previsións que ten o Goberno galego ante os problemas de xestión económica e de funcionamento da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159f3, do 19.02.2025

A **señora Castro Rey, Paloma (S)**, procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña.**

En rolda de réplica a **señora Castro Rey, Paloma (S),** expón novas consideracións sobre a información recibida, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora Villaverde Acuña.

A **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde Acuña**, pecha o

PARLAMENTO DE GALICIA

debate desta iniciativa ampliando o manifestado na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza da señora Villaverde Acuña nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

2.3 **20961 (12/POC-003470)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as verteduras producidas na Ribeiriña, no concello da Pobra do Caramiñal, as previsións da Xunta de Galicia verbo da súa eliminación definitiva e a ampliación da recuperación desa zona
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167f3, do 05.03.2025

A **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** dá conta das razóns que motivaron a formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Pasa a contestar esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, a **directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño-Intecmar (Consellería do Mar), María Covadonga Salgado Blanco.**

En rolda de réplica, a **señora Pérez Fernández (BNG),** manifesta o seu desacordo coas valoracións e datos aportados pola directora de Intecmar, sobre os que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da **directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño-Intecmar, María Covadonga Salgado Blanco,** quen, logo de rebater algunhas das afirmacións realizadas pola deputada, puntualiza e amplía a información facilitada na súa anterior intervención.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a presenza e colaboración da directora xeral de Intecmar cos traballos desta Comisión, así coma dos membros da Comisión e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:40 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal do punto primeiro da orde do día.)

Patricia García González

V. e pr.
Patricia García González
Presidenta da Comisión

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia García González, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.05.13 11:00:32 +02'00'

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2025.05.13 10:24:42 +02'00'